

Como se representa a Terra?

Os globos terráqueos

O globo terráqueo é unha esfera que reproduce a Terra. É coma unha miniatura da Terra. Ademais, as persoas inventaron uns elementos para utilizar mellor o globo terráqueo.

- **Ecuador:** liña imaxinaria que divide a Terra en dúas metades, o hemisferio norte e o hemisferio sur.
- **Os polos:** son os puntos arredor dos cales xira o planeta. Son dous, o Polo norte e o Polo sur.
- **O eixe terrestre:** é unha liña imaxinaria que une o polo norte e o sur. Está un pouco inclinado.

A cartografía e os mapas

A cartografía é a ciencia que elabora mapas. Os mapas e os planos son representacións planas da Terra. Os planos reproducen territorios máis pequenos ca os mapas. Os cartógrafos son os profesionais que elaboran os mapas. Para facer un mapa séguense estes pasos.

- **Recollida da información:** os satélites artificiais envían a uns ordenadores información sobre a vexetación da Terra, o tempo atmosférico...
- **Realización do mapa:** os cartógrafos analizan eses datos e represéntanos nos mapas mediante cores, símbolos...

Os tipos de mapas

Os mapas poden representar toda a superficie da Terra ou parte dela. Os mapas que representan toda a Terra chámanse planisferios ou mapamundis. Os mapas, segundo a información que conteñan, clasifícanse en mapas físicos, políticos ou temáticos.




Mapas físicos: mostran, mediante cores, as distintas alturas do relevo.

Mapas políticos: Informan, mediante cores, da forma, da extensión e das fronteiras de cada territorio.

Mapas temáticos: mostran, mediante cores ou símbolos, distintos aspectos: a vexetación, o tempo...

CONTESTA AS SEGUINTES PREGUNTAS

1- Completa.



2- Que é a cartografía?

.....

3- Os mapas, segundo a información que conteñan, clasifícanse en?

.....